

KENYA



#### AFRICAN TUMBAS

African Tumbas é un dos máis importantes grupos de folclore de Kenya. Fundado en 1996 en Nairobi, no seu seno aglutina a máis de 42 etnias do país africano. No seu repertorio conta con danzas tradicionais que representan ritos como o casamento, o nacemento, a recollida das colleitas, a guerra, a relixión e as festas. Os seus bailes van acompañados de música creada principalmente con tambores e tamén con instrumentos de corda.

SENEGAL



#### BALLET JAMMU

Este Ballet Folclórico naceu en Dakar en 2008 como resultado dun ambicioso proxecto que pretende crear un grupo estábel como compañía que participe en festivais de todo o mundo e escola de danza que forme futuros bailaríns, ao tempo que aglutina mozos das diferentes etnias do país africano: Wolof, Bambara, Peul, Toutcouleur, etc. Nos seus espectáculos podemos apreciar danzas tradicionais cheas de ritmo, carisma e virtuosismo.

SERBIA



#### COMPAÑÍA DE DANZA SIMYONOV – TUCOVIC

Entre os principais grupos de folclore de Serbia, “Simyonov-Tucovic” ocupa un destacado lugar avalado polo prestixio e recoñecemento que dende a súa creación en 1986 en Belgrado lle ten outorgado o público de todo o mundo. O seu repertorio percorre as diferentes rexións e etnias de Serbia así como os territorios da antiga Iugoslavia, ofrecendo un espectáculo de música, canto, baile e colorido de vestuario cunha atractiva posta en escena que mantén o entusiasmo até o remate.

ESPAÑA-SEGOVIA



#### LA ESTEVA

O grupo de Danzas La Esteva foi creado no ano 1942 e na súa dilatada historia o seu traballo tense centrado na recuperación, estudo e difusión do folclore castelán. O seu repertorio está formado jotas, seguidillas, bailes de voda, procesionais, parrúas, etc., interpretados co acompañamento da música da dulzaina e o tambor. O grupo conta cunha escola composta por máis de 250 alumnos, o que lle permite contar con diferentes grupos xuvenís que se van curtindo en festivais rexionais.

PORTUGAL



#### “GRUPO ETNOGRÁFICO DE AREOSA”

O Grupo Etnográfico de Areosa (Viana do Castelo) foi creado no ano 1966, e dende entón tense convertido nun grupo de referencia no folclore portugués. O seu traballo na recuperación e divulgación das tradicións populares ten feito que este grupo acadase o máis alto recoñecemento entre o público e institucións vinculadas ao folclore. O seu repertorio de músicas e danzas, así como as súa colección de traxes representa unha das mellores postas en escena.

REP. DAGUESTÁN



#### LEZGINKA

A República do Daguestán é un territorio do Cáucaso pertencente a Rusia. O seu relevo montañoso e o seu illamento con respecto a outros pobos curtiu a personalidade da súa poboación, xente orgullosa e recia, características que se transmiten no seu folclore. O corpo recto e erguido, a cabeza ben alta e movementos vigorosos, cheos de forza pero ao mesmo tempo elegantes, son o máis destacado das danzas do grupo Lezginka, creado hai máis de 50 anos



### XXVII XORNADAS DE FOLCLORE

#### ORGANIZA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE  
Teatro Principal de Ourense  
Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo

#### PATROCINAN

XUNTA DE GALICIA. Consellería de Cultura e Turismo  
C.I.O.F.F.  
FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

#### XORNADAS DE FOLCLORE

Apdo. de Correos 484  
32080 Ourense - España  
Telf./Fax: 00 34 988 249493  
xornadasfolclore@depourense.es

#### VILA FOLCLÓRICA

Universidade Laboral  
Avda. da Universidade, s/n  
A Cuña - Mariñamansa - Ourense  
Telf.: 988 251390 / 988 226300/04



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO



FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

# XXVII XORNADAS DE FOLCLORE



9 / 19 DE AGOSTO DE 2010

OURENSE A RÚA ALLARIZ BANDE CASTRO CALDELAS CELANOVA  
CHAVES ENTRIMO MACEDA MANZANEDA MONFORTE O BARCO  
O CARBALLIÑO RIBADAVIA TRIVES VERÍN VIANA XINZO

ARGENTINA



**INSTITUTO EL CIMARRON**

O Instituto El Cimarrón foi fundado en 1976 como escola de danzas folclóricas e de tango. Actualmente conta con máis de 3500 alumnos en todo o país, sendo seleccionados anualmente 30 membros para participar en festivais internacionais de folclore. No seu repertorio atopamos danzas de todas as rexións argentinas incluíndo o tango e o malambo. A nivel internacional ten participado en festivais de Chile, Brasil, Paraguai, Canadá, Francia, España, Polonia, Turquía, Italia, Hungría, Portugal, etc.

BRASIL



**BALLÉ FOLKLÓRICO DA AMAZÓNIA**

Este grupo de danza foi formado en 1990 na cidade de Belém, no norte do país. Ten como obxectivo promover a cultura popular da Amazonía, onde se retrata un universo erótico e misterioso, cheo de rituais, lendas, mitos e manifestacións do sagrado e do profano. O grupo está composto por 25 bailaríns que executan danzas amazónicas e tamén de outras rexións do país. O canto e as danzas están acompañadas por unha banda de dez músicos que tocan instrumentos típicos da rexión.

CUBA



**CONJUNTO ARTÍSTICO MARAGUÁN**

O Grupo Maraguán foi fundado na cidade de Camagüey en 1981, chegando a se converter nun dos máis prestixiosos símbolos do folclore cubano. Ten recibido numerosos premios tanto en Cuba e como no estranxeiro, onde ten participado en festivais de folclore de países como México, Francia, Portugal, Bélxica, Suíza, Alemaña, Italia e por suposto España.

INDONESIA



**KLUB PEMINATAN**

Klub Peminatan (KP) xurdiu para dar saída ás aspiracións dos alumnos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Indonesia no campo da danza, en particular das danzas tradicionais, respectando, preservando e difundindo así a rica cultura de Indonesia. Foi fundado en 2007 e rapidamente gañou a admiración do público e dos outros grupos de folclore existentes no país asiático.

MÉXICO



**COMPAÑÍA DE DANZA TENOCHTITLAN**

Fundada en 1988, a Compañía de Danza Tenochtitlán xurde como unha compañía artística independente na cidade mexicana de Puebla. A través da investigación da cultura tradicional mexicana e cunha innovadora posta en escena, o grupo Tenochtitlán alcanza o recoñecemento do público do seu país e dos festivais internacionais nos que participa. Na actualidade, a compañía está composta por máis de 150 bailaríns que están divididos en tres grupos: Infantil, Xuvenil e Primeira Compañía.

POLONIA



**POLONINY**

Este grupo naceu no ano 1969 baixo o amparo da Universidade de Tecnoloxía da cidade de Rzeszów, que nutre cos seus estudantes os músicos e bailaríns de Poloniny. No seu repertorio que inclúe principalmente danzas da rexión de Rzeszów, pero tamén doutras zonas do país, o grupo amosa a alta calidade artística dos seus compoñentes, así como o dinamismo, impeto e colorido do folclore polaco, calidades nas que xoga un papel importante a variedade do seu vestuario.

**PROGRAMA**

LUNS, 9	
14:00	Mañá libre
20:30	Xantar
22:30	Cerimonia de apertura do Festival Teatro Principal – Ourense
22:30	Cea
MARTES, 10	
14:00	Mañá libre
20:00	Xantar
22:30	<b>O BARCO</b>
22:30	Festival – Campo da Festa - Malecón
20:00	Cea
22:30	<b>MONFORTE</b>
22:30	Festival – Campo da Compañía
MÉRCORES, 11	
20:00	Mañá libre
23:00	<b>ALLARIZ</b>
23:00	Cea
23:00	Festival – Campo da Barreira
20:00	<b>MACEDA</b>
22:30	Cea
22:30	Festival – Praza das Toldas
XOVES, 12	
12:00	Recepción Oficial
14:00	Xantar
20:00	<b>CARBALLIÑO</b>
22:30	Cea
22:30	Festival – Praza Maior
20:00	<b>RIBADAVIA</b>
23:00	Cea
23:00	Festival – Auditorio do Castelo
20:00	<b>A RÚA</b>
23:00	Cea
23:00	Festival – Parque do Aguillón

**PROGRAMA**

VENRES, 13	
14:00	Mañá libre
20:30	Xantar
23:00	<b>CELANOVA</b>
23:00	Festival – Claustro do Mosteiro
23:00	Cea
20:00	<b>TRIVES</b>
22:30	Cea
22:30	Festival – Colexio Sta. Leonor
SÁBADO, 14	
14:00	Mañá libre
20:30	Xantar
23:00	<b>ENTRIMO</b>
23:00	Festival – Alameda
23:00	Cea
20:00	<b>VERÍN</b>
22:30	Cea
22:30	Festival – Praza Maior
DOMINGO, 15	
14:00	Mañá libre
20:00	Xantar
22:30	<b>MANZANEDA</b>
22:30	Cea
22:30	Festival – Patio do Colexio
20:00	<b>XINZO</b>
20:00	Desfile:
20:30	Parque do Toural-Praza Carlos Casares
23:00	Festival – Praza Carlos Casares
23:00	Cea
IUNS, 16	
14:00	Mañá libre
20:00	Xantar
22:30	<b>OURENSE</b>
22:30	Cea
23:00	Desfile:
23:00	Parque de San Lázaro-Praza Maior
23:00	Festival en Ourense-capital Praza Maior
MARTES, 17	
14:00	Mañá libre
20:00	Xantar
23:00	<b>CHAVES</b>
23:00	Cea
23:00	Festival – Praza Manuel Camões
20:00	<b>VIANA</b>
22:30	Cea
22:30	Festival – Praza Maior
MÉRCORES, 18	
14:00	Mañá libre
20:30	Xantar
23:00	<b>BANDE</b>
23:00	Festival – Praza da Constitución
20:30	Cea
23:00	<b>CASTRO CALDELAS</b>
20:30	Festival – Patio do Castelo
23:00	Cea
XOVES, 19	
9:00	Almorzo
10:00	Partida de cada grupo cara o seu destino.